



**BASES DO CONCURSO**  
**XXXVII Concurso de Baile Tradicional Xacarandaina**  
**Pazo da Ópera, A Coruña**  
**28 de maio de 2017**

1. Neste concurso poden participar grupos de: Asociacións Folclóricas, Recreativas, Culturais, de Veciños, Centros Parroquiais etc.
2. Os grupos poden ser mixtos, femininos ou masculinos, e estarán formados como mínimo por oito persoas (agás cando as características do baile o precisen).
3. A categoría determinarase pola media das idades dos compoñentes, e ningún deles superará o límite da categoría en máis de dous anos.
  - Categoría A: ata os 10 anos inclusive.
  - Categoría B: de 11 a 16 anos inclusive.
  - Categoría C: de 17 anos en adiante.
4. Cada grupo terá que levar o seu acompañamento musical: gaiteiros/as, pandereiteiras/os etc. que deberá estar presente no escenario, vestindo o traxe tradicional.

En cada unha das categorías serán concedidos os seguintes premios:

- 1º premio: trofeo e 350 €
- 2º premio: trofeo e 200 €
- 3º premio: trofeo

Se o número de grupos participantes nunha categoría é inferior a cinco, outorgarase un único premio (trofeo e 350 €).

Ademáis outorgaranse dous únicos premios para todas as categorías do concurso:

- Premio ao mellor bailarador e á mellor bailadora, ambos outorgados en Homenaxe a Iolanda Pérez Feijóo.

5. É obrigatorio o uso do traxe tradicional galego.

6. A peza a interpretar deberá ser tradicional ou popular, nunca de autor. No caso de que a A. C. Xacarandaina tivera que pagar á S.G.A.E. pola interpretación dunha peza de autor, remitiríamola o pago á asociación correspondente.

No caso de que o baile presentado fora recollido polo Grupo de Baile Tradicional Xacarandaina, deberá contar coa súa autorización.

7. No momento da cualificación, o xurado terá en conta:

1. Autenticidade da peza.
2. Dificultade técnica.
3. Calidade na execución.

O XURADO ESTARÁ COMPOSTO POR PERSOAS ALLEAS A A. C. XACARANDAINA. O XURADO TERÁ A LIBERDADE DE ESIXIR O D.N.I. OU LIBRO DE FAMILIA. NON PODERÁN ESTABLECER PREMIOS DESERTOS EN NINGUNHA DAS CATEGORÍAS.

8. Cada grupo terá un tempo límite de 5 minutos. O grupo que exceda dito tempo quedará descalificado.

9. O concurso terá lugar o domingo 28 de maio no Pazo da Ópera d'A Coruña, sito na Glorieta América s/n – 15004 A Coruña. Desenvolverase pola mañá excepto no caso de que o número de inscritos sexa superior a 30. Nese caso dividirase en dúas sesións, de mañá e tarde.

A hora de presentación, orde e normas dos grupos participantes serán enviadas previo o concurso vía correo electrónico.

11. O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATA O DÍA 13 DE MAIO.

12. As inscricións poden realizarse a través da nosa páxina web [www.xacarandaina.gal](http://www.xacarandaina.gal) ou enviando debidamente cumprimentada a folla de inscrición adxunta por:

- Correo ordinario ao local social: A.C.Xacarandaina, rúa Historiador Vedía nº3, soto 1º, 15004 A Coruña.
- Correo electrónico: [info@xacarandaina.com](mailto:info@xacarandaina.com)

**EXCLÚESE A VÍA TELEFÓNICA PARA REALIZAR AS INSCRICIÓN E NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA INSCRICIÓN POSTERIOR A ESTA DATA.**

Co fin de ter un arquivo gráfico a asociación poderá realizar fotografías e vídeos das diferentes actividades. Ditas fotografías e vídeos serán incluídos nun ficheiro debidamente rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos da que é titular ASOCIACIÓN CULTURAL XACARANDAINA e poderán ser usados pola mesma para mostrar tanto no local como na web [www.xacarandaina.gal](http://www.xacarandaina.gal) ou poderán ser utilizadas para a realización da carteleira e publicidade doutras actividades ou eventos que realice a asociación.

A A.C. Xacarandaina aclarará calquera dúbida a través do teléfono 981 277 315 ou por correo electrónico <mailto:info@xacarandaina.com>